




# DE CORME AO RONCUDO

Adela Leiro, Mon Daporta  
xaneiro 2020



Distancia: 4 km (lineal)  
Dificultade: baixa



## Desde o porto de Corme ao faro do Roncudo

Na costa de Ponteceso distínguense dous tramos moi diferentes, o interior da ría, baixa e abrigada, e os cantís de mar aberto que caen bruscamente dos montes ao mar. Propoñemos unha camiñada para coñecer polo miúdo un dos tramos da Costa da Morte máis visitados, e facendo nel as paradas nos sitios habituais, pero para velo de vagar, facendo que os escasos 3 km se vaian a máis de 4 e o tempo se alongue mentres se goza dos detalles e dun día de bo tempo, é outra cousa. Percorrer un camiño no que o reto non está en chegar se non en gozar do sitio e apreciar as miudezas é outra maneira de andar e ver e desta volta como o traxecto era curto e había tempo...

Este espazo, de grande interese ecolóxico, paisaxístico e xeolóxico, está protexido no LIC/ZEC e ZEPA "Costa da Morte"



Corme: porto e enseada



Faro do Roncudo

## PERCORRIDO

Sáímos do **porto de Corme** pola beira da estrada e detrás da primeira curva, ao tempo que gañamos altura, xa temos a primeira mostra do que vai ser unha constante en todo o traxecto, unha sucesión de puntas, nas que o mar, aparentemente calmo, bate con forza, e seos nos que se amorea a espuma e onde se agochan pequenos areais e coídos; e atopamos o **coído da Cetárea**, un pequeno seo co seu coído, e unha vista do peirao que defende as embarcacións da forza do mar e do vento neste abrigo da Costa da Morte, e despois deste outro seo, o dos **Coídos**, e a **punta da Granxa**, e logo un novo seo -ao que podemos achegarnos deixando a beira da estrada- a **area das Cunchas** e a **punta das Chans**. Un pouco adiante, desde a **punta do Aguillón**, temos á vista un dobre seo, o da desembocadura do **rego do Espiñeiral** que pechan unhas pedras baixas, detrás das que se forma unha fermosa e tranquila poza, e a **punta das Gralleiras** que protexe outro seo que acolle unha pequena praia, á que é posible achegarse por un carreiro que se atopa, pasada a curva, ao pé dun sinal da estrada. De volta na estrada seguimos uns 500 m, ata chegarmos a un pequeno rego, antes de cruzalo hai un carreiro polo que se pode baixar a unha praia minúscula, que oculta o mar na chea, que se forma na desembocadura ao abrigo da **Ínsua**. Hai que volver á estrada, para deixala nada máis pasar o rego, e coller un carreiro á esquerda que fai parte do novo trazado do camiño dos faros, que antes seguía a estrada, para, con bo criterio, separalo da mesma, e que nos leva preto da beira dos cantís, pouco elevados, de rochas cen veces fendidas e cuarteadas, ao pé da **punta dos Carreiros** e do **mar da Eiruga**, co seu seo e a súa furna, antes de meterse nun novo seo que se forma na saída ao mar de outro pequeno rego, que se cruza por unha pontella de madeira, para achegarnos á **punta Seixuda**, por debaixo da área de lecer, e seguir por fóra da estrada pasando ao pé da **punta das Cruces**, antes de chegar a ela hai outra furna, e rematar ao pé do **faro**, na **punta do Roncudo**.

A volta faise pola beira da estrada, sen desvíos, pero aproveitando os novos puntos de vista.

Se aproveitamos a marea baixa teremos oportunidade de ver máis detalles.



Rego do Espiñeiral



Corme



Punta da Granxa. Os Coídos. Coído da Cetárea.




Punta de Chans e Area das Cunchas



Punta do Aguillón



Punta das Gralleiras




A Ínsua



Os Carreiros



Vista desde Os Carreiros



Mar da Eiruga



Punta Seixuda



Punta e faro do Roncudo

Furna nas proximidades da punta da Cruces





Punta Baixo da Rúa. Laxe da Nádegá.



O Roncudo



Baixa da Rúa e Punta do Monzón desde O Roncudo.  
Un dos principais atractivos do Roncudo é a contemplación das grandes ondas que escachan nas paredes dos cantís.